



ASOCIACIÓN CULTURAL  
**APELÓN EDUCACIÓN**

Nº 0 - 2018

# Abeia

REVISTA CULTURAL DE APELÓN EDUCACIÓN



A educación é a arma máis poderosa que podes usar para cambiar o mundo

*Nelson Mandela*

1811. O TIGRE,  
Falucho Corsa-  
rio Mugardés

Eduardo  
Sánchez  
Fraga


Cine Zárate:  
O Noso Cine  
Vello

Experiencia  
Como Auxiliar  
de Conversa  
en Francia

As Bibliotecas  
Municipais de  
Oleiros e a  
Promoción da  
Lectura

## Sumario

• <u>Acae:</u>	
Editorial .....	3
• <u>Acae:</u>	
Balance de actividades .....	4
• <u>Francisca Pérez:</u>	
Ideal Cinema Zárate: O noso Cine Vello .....	11
• <u>Xoan Rubia:</u>	
Eduardo Sánchez Fraga .....	14
• <u>Bernardo Máiz:</u>	
1811. O “Tigre”, Falucho Corsario Mugardés.....	17
• <u>Juan Fernández Ameneiro:</u>	
Fina “A Fabita” .....	23
• <u>Pablo Rañales:</u>	
Ecos .....	27
• <u>Raquel Cartelle García:</u>	
Experiencia como auxiliar de conversa en Francia .....	31
• <u>Mª Luz Corral Uzal:</u>	
As bibliotecas municipais de Oleiros e a promoción da lectura.....	35
• <u>Colaboración:</u>	
É Mugardos un destino turístico? .....	39
• <u>Libros:</u>	
Dos nosos colaboradores.....	43



4



11



17



31

Albelia, Revista Cultural de Apelón Educación, é una revista plural que serve de foro de debate.

O Equipo Directivo respecta en todo momento a opinión e o idioma dos textos dos seus colaboradores, pero non se fai responsable, nin ten porqué identificarse necesariamente coas opinións expresadas.

# Editorial

Apelón Educación nace no outono de 2016, primeiro como Plataforma e más tarde como Asociación Cultural.

Apelón Educación aparece para reclamar un local axeitado para a biblioteca municipal. Nace por tanto dunha loita reivindicativa. Unha loita que perdemos. Apelón Educación nace dun fracaso.

O desexo dun local digno para a nosa biblioteca pública, o desexo dun espazo que permita desenvolver actividades sociais e culturais, vai marcar non só a orixe, senón tamén os obxectivos de Apelón Educación. Deste xeito, a **Asociación Cultural Apelón Educación** fai propios os obxectivos dunha biblioteca moderna e tamén os fundamentos da participación da cidadanía nas decisións que afectan aos asuntos públicos locais.

En coherencia cos seus obxectivos, moitas das actividades de Apelón Educación van no camiño de crear e fortalecer hábitos de lectura , de estimular a imaxinación e a creatividade, de apoiar á educación. Outras animan a vixiar e protexer o noso patrimonio cultural , tanto material, como inmaterial, que é fundamental na construción da identidade como pobo. Intentamos, desde as nosas posibilidades, propiciar a apreciación das artes, das melloras científicas e das innovacións. Queremos alimentar o dialogo inter-cultural e favorecer a diversidade. Pretendemos, cos medios ao noso alcance, prover de información á comunidade para así promover a participación de cidadáns informados e responsables.

Así mesmo o obxecto principal da Asociación Cultural é o de canalizar as iniciativas e inquietudes cidadáns en temas tales como a escola, a cultura, o medio ambiente, a mocidade, as mulleres, a xente maior, as persoas más desfavorecidas, a cooperación e a solidariedade. Queremos ser un interlocutor válido diante das institucións locais e supra municipais, sabendo que a aparición desta Asociación Cultural marca un intento frustrado de participación cidadá. Somos conscientes de ser un recordatorio, para uns molesto e para outros doloroso, das limitacións da forza da cooperación dos veciños e do estreitas que as veces quedan as canles de participación democrática.

Toda a historia que hai tras Apelón Educación explica as simpatías e reticencias que aínda hoxe provoca. Partimos duns comezos duros e decepcionantes, mais somos a proba viva de que a vontade da xente e a capacidade de colaboración teñen forza dabondo como para vencer atrancos e sacar adiante un proxecto positivo e cheo de esperanza. Aquí está Apelón Educación, tras un ano difícil pero moi produtivo, presentándovos a súa a revista "Albelá".



## Directiva ACAE

### PRESIDENTA

Gabriela Sánchez Cortizas

### VICEPRESIDENTA

Francisca Pérez Bouza

### SECRETARIO

Javier García Dieste

### TESOUREIRO

Juan Fernández Ameneiro

### VOCALES

Jacinto Núñez Martínez  
Aída Cortizas Rodríguez  
Paola Alonso Rivera  
Patricia Rivera Romero  
Ramón Bello Blanco  
Ana Sánchez Cortizas

## Actividades Realizadas

- *Porque ter criterio propio ben fundamentado en boas informacións, fainos fortes e libres*
- *Funcionar como interlocutor comprometido ante institucións e asociacións, canalizando intereses e inquietudes que poden non ser maioritarios pero que son interesantes pola súa riqueza e diversidade.*
- *Demandar un espazo físico municipal que albergue as distintas manifestacións culturais da vila e dunha Biblioteca Municipal*

# Memoria Actividades Desenvolvidas pola Asociación Cultural Apelón Educación no ano 2017

A Asociación Cultural Apelón Educación comeza a súa actividade en agosto de 2016, primeiramente como plataforma vecinal, quedando constituida como asociación cultural o 16 de xaneiro de 2017 e sendo inscrita no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Mugardos.

Os obxectivos da asociación son:

- Ofrecer un espazo de participación no eido da cultura.
- Funcionar como interlocutor comprometido ante institucións e asociacións, canalizando intereses e inquietudes que poden non ser maioritarios pero que son interesantes pola súa riqueza e diversidade.
- Ser un foro de debate que dea voz a propostas e estudos sociais económicos e culturais
- Operar como axente divulgador de traballos individuais e colectivos que teñan que ver cos aspectos mencionados anteriormente e que sexan de interese para os nosos afiliados.
- Demandar un espazo físico municipal que albergue as distintas manifestacións culturais da vila e unha Biblioteca Municipal.

As actividades realizadas, ao longo do ano 2017, inclúen un amplio espectro de público e temas:

### Captación de socios e colaboradores.

**Celebración do día de Rosalía.** 3 de marzo, participación na lectura colectiva de poemas de Rosalía de Castro organizada polo Concello de Mugardos no Salón de Plenos.



**Charla- coloquio “10 de marzo do 72, así o vivimos, así o lembramos”** para a celebración do 10 de marzo Día da clase obreira galega. A charla tivo lugar no Centro Cívico presentada por Gabriela Sánchez contou coa participación de Rafael Pillado e algúns conveciños protagonistas dos feitos.



**Charla- coloquio “O noso patrimonio e as posibilidades de futuro”.** Celebrada o día 28 de abril no Centro Cívico coa participación de Carlos Henrique Fernández Coto, presidente da Asociación de Defensa do Patrimonio Cultural Galego.



**Festa dos maios.** Elaboración dun maio no CEIP Unión Mugardesa o día 5 de maio e no CEIP Santiago Apostolo de Franza o día 12 de maio.



**Clube de lectura virtual.** Realizado a través da plataforma de Facebook. Propuxemos a lectura de contos do libro “Vento ferido” de Carlos Casares, e despois expresamos a nosas inquietudanzas e opinións sobre esa lectura en rede.



COMEZA O NOSO CLUB DE LECTURA VIRTUAL.”A RAPAZA DO CIRCO”.

Como non podía ser doutra maneira, comeza o noso club de lectura cun relato breve de Carlos Casares. “A rapaza do circo” é un dos doce relatos que componen o libro “Vento Ferido”. “A rapaza do circo” é un conto de amor entre un rapaz e unha nena francesa que traballa nun circo que actúa na localidade, un amor tan fermoso como imposible. Para ler o conto, preme o link:

<http://carallocorou.blogspot.com.es/2013/06/carlos->

## Actividades Realizadas

**10 de marzo do 72 ASÍ O VIVIMOS , ASÍ O LEMBRAMOS**

**CHARLA-COLOQUIO**  
Presenta:  
Gabriela Sánchez, Presidenta da AL  
Coa participación de  
Rafael Pillado e a testemuña de sobreviventes presentes nos sucesos.

Lugar: Centro Cívico  
Dia: Venres 10 marzo  
Hora: 19 horas

**120 DESPIDIDOS  
123 PROCESADOS  
40 FERIDOS  
2 MORTOS**

**AS AL**  
APELÓN EDUCACIÓN

**CICLO URBANISMO SOSTIBLE**

O Ieal Orzán. Zárate de Merguiños entre na Cátedra do Patrimonio Cultural da Galicia

**Charla- Coloquio**  
**O noso patrimonio e as posibilidades de futuro**  
(Bastamnos Zárate, Caldeira, Novoa, Casa da Serra, Arquitectura Indígena do Seix, ...)

Presenta:  
Gabriela Sánchez Cortizas  
Interven: Carlos Henrique Fernández Coto  
Presidente da Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego

Entrada libre e gratuita --

**Centro Cívico**  
Mugardos

**AL**  
APELÓN EDUCACIÓN

**Venres 28 abril**  
**20:00 horas**


**AI VER O MAIO...**

**FESTA DOS MAIOS**  
CEIP UNION MUGARDESA 5 MAIO  
CEIP SANTIAGO APOSTOLO 12 MAIO

**... VÍVEO COR NÓS**

**ASOCIACIÓN CULTURAL**  
**AL**  
APELÓN EDUCACIÓN

## Actividades Realizadas



**A canción galega nas Letras Galegas.** Charla e música. Xoán Rubia, 12 de maio no Local Social de Maiores.



**Contacontos "A galiña azul"** realizado por Francisca Pérez o 17 de maio como conmemoración do Día das Letras Galegas dedicado a Carlos Casares. Estaba previsto para realizarse na praza do concello, pero debido á choiva levouse a cabo no local da OMIX.



**Mergúllate na poesía: Poesías como analxésicos.** Obradoiro de escrita dirixido polo escritor Antón Cortizas, realizouse o día 19 de maio no local da OMIX.



**Contacontos no colexo CEIP Unión Mugardesa:**


**A galiña azul** por Aída Cortizas. 19 de maio .

**Brown Bear, The Three Little Pigs** por Victoria Vázquez. 13 de xuño.

**Contacontos no colexo CEIP Santiago Apostolo:**

**A galiña azul** por Aída Cortizas. 25 de maio .

**Brown Bear, The Three Little Pigs** por Victoria Vázquez. 15 de xuño



**Actividades Realizadas**



**Espectáculo Lavandeiras.** Contacontos con paseo de Vero Rilo e Carlos Quintá. 9 de xuño. Fonte do Pexigo, fonte dos Castro Canos, fonte do Loureiro.




**Público e gratuito? O Rexistro Civil despois da reforma.** Charla de Xaime Meilán sobre o Rexistro Civil o 16 de xuño no Centro Cívico.



**Nos pasos de... Rosalía de Castro.** Roteiro sobre Rosalía visitando Santiago, Padrón e Bastavales o 2 de setembro.



## Actividades Realizadas



**O Noso Patrimonio e o do veciño: Santa Catalina de Montefaro.** Visita ao mosteiro guiada por Rogelio Pérez Varela o 16 de setembro.



**Club de Lectura Apelón Educación.** Actividade de lectura dirixida por Mabel Espiñeira que comeza o 4 de outubro no Centro Sociocultural Casas Baratas, con peridiocidade mensual.



**Ciclo Servizos Públicos: LOMCE.** Charla coloquio sobre a ley educativa con Xosé Alejo González e Javier Sánchez, no Centro Cívico o 6 de outubro.



**Arde Galicia! Lumes: Tras a Traxedia.** Charla coloquio sobre a problemática los lumes con Manuel Allegue, no Centro Cívico o 20 de outubro.

**Obradoiro de Escrita Terrorífica.** Actividade dentro do Club de Lectura dirixido por Mabel Espiñeira, no Centro Cívico o 31 de outubro.



#### Actividades Realizadas





**Andaina Patrimonio. DIA DO PATRIMONIO MUNDIAL.** Visita guiada ao xacemento de Noville, ao parque de Beiramar e a San Vitorio o 18 de novembro.



**Anatomía da Lingua (lingua de amar, lingua de amor).** Presentación do libro de Antón Cortizas un poemario de preocupación, más tamén de esperanza, o 5 de decembro.



**Club de Lectura Apelón Educación.** Segundo coa actividade de lectura no Centro Socio-cultural Casas Baratas.



## Actividades Realizadas



**Contacontos How the Grinch stole Christmas en inglés por Victoria Vázquez**

**Contacontos Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis por Aída Cortizas.**

Nos colexios Unión Mugardesa, Santiago Apóstolo, As Mirandas e IES de Mugardos no mes de decembro

## "Relacionarse con outras asociacións e entidades culturais"

### Presenza nas redes sociais.

- Facebook: <https://www.facebook.com/apeloneducacion>  
Campañas: Que recordos tes de Agustín Fernández Paz?  
Día de Rosalía  
Conmemoración do Día da Clase Obreira Galega  
Carlos Casares no día das Letras Galegas  
Reflexións sobre o patrimonio de MugardosA auga, .
- Twitter: @ApelonEducacion
- Blog. <https://apeloneducacion.wordpress.com>

### Relacións con outras asociacións e entidades culturais:

- Rede do Patrimonio Cultural: A asociación forma parte da Rede do Patrimonio Cultural. <http://redepatrimonio.gal/>
- Colexios.
- ANPAS
- Concello de Mugardos.
- Asociación Cultural Fuco Buxán.





O cine Zárate coas súas carteiras e o bar Fernando

Francisca Pérez



## Cinema Zárate: O noso Cine Vello

por Francisca Pérez Bouza

Agora está cercado e reducido a un ou se gardaban como recordo. Proprio cascarón, pero houbo un tem- bablemente, se preguntades, ídeos po que foi o centro da vida do pobo, enterar de que nas caixas de recordos das vosas bisavoadas ou dos vosos avós está un deses prospectos recordando unha pequena historia de amor, o inicio de toda unha vida xuntos ou simplemente un bo momento nas súas vidas.

Había un chiste que dicía que se sabía se había función no Ideal Cinema Zárate porque se escocitaba o chascarraschás das zocas das mocínas da Pedreira de camiño do cine.


Tamén se sabía cal era a película proxectada a fin de semana polos xogos dos rapaces durante a semana seguinte. Por veces tocaba ser românticas, outras tocaba ser románticas, nos, cabaleiros que loitaban con espadas, damas recatadas de longas saias que deixaban caer as pálpebras cun suspiro ou mulleres arrojadas que defendían o seu ante un mundo en contra.

O cine marcaba o pulso do ocio da vila, xunto co paseo polo que agora é a avenida de Galicia. Daquela, na rúa que primeiro se chamou Saave-


ou se gardaban como recordo. Proprio cascarón, pero houbo un tem- bablemente, se preguntades, ídeos po que foi o centro da vida do pobo, enterar de que nas caixas de recordos das vosas bisavoadas ou dos vosos avós está un deses prospectos recordando unha pequena historia de amor, o inicio de toda unha vida xuntos ou simplemente un bo momento nas súas vidas.

O cine abriu as súas portas o sábado 29 de maio de 1926 como salón de variedades e estaba adicado a diversas actividades sociais e de ocio, entre elles concertos ou mitins, como o que tivo lugar o 16 de marzo de 1936 organizado pola Frente Popular en "Homenaxe a la mujer" e no que interveu Amada García polo Partido Comunista.

O cine marcaba o pulso do ocio da vila, xunto co paseo polo que agora é a avenida de Galicia. Daquela, na rúa que primeiro se chamou Saave-



Francisca Pérez




Plano orixinal do edificio

dra Meneses e logo Comandante da os bailes na terraza de arriba. Lobo, o paseo comenzaba no bar Ferreiro (onde hoxe está o Garaxe Mugardés) e chegaba ao Bolichero (Os Helvetas) e se podía facer unha parada no bar Fernando sentíndose parte do glamour do cine. Era o bar más chic de Mugardos, e tiña dereito de admisión (a sociedade entón era moi clasista e non todo o mundo era benvido no bar Fernando). Aínda queda xente que recor-

Neste bar servíronse as primeiras patacas fritas de Mugardos e os primeiros xeados de corte (os outros xeados vendíaos Santalla).

Durante toda a semana agardábbase con expectación a película que se publicitaba na porta do cine en "afiches", que eran grandes cartaxes debuxados de escenas da película.

*"O cine marcaba o pulso do ocio da Vila. O paseo dende o bar Ferreiro ata o Bolichero, era habitual antes da proxección da película"*



Había sesión os luns, xoves, sábadostantísimo público que a taquillera, dos e domingos, pero se a película Dona María del Carmen, que era tiña moito éxito facíase unha sessión máis. As películas de más os cartos e os botaba directamente éxito eran as de Jorge Negrete. ao chan para recollelos logo.

Cando había película de Jorge Negrete os de Cervás e Chanteiro achegábanse tamén ao cine, dándolle á vila un aire de festa. Un grandísimo éxito foi a proxección de "Lo que el viento se llevó" con

As películas viñan en grandes latas, metidas nun saco e había que ir buscalas a Coruña ou viñan no Ideal (o autobús de liña que, na época, tamén traía e levaba paquetes)

Podíase ver a película dende a Butaca (de madeira, imaxinade ver "Lo que el viento se llevó" sentado aí), en Delantera (no primeiro piso) ou en General (o más barato, con bancos corridos, onde se montaban todos os follóns). José o Cabanés era o acomodador de Butaca e como acomodador de General e Delantera estaba José o Pachorro.

O cine era un negocio familiar, sendo, na súa última época, o operador de proxección, Don Pepe, José García Dorado, tamén mestre e marido da taquilleira. Con fre-

cuencia o neto durmía na sala de proxección tapado co saco no que viñan as películas.

Cando ía moita calor e se abrían as ventanas da sala de proxección a pantalla reflectíase na parede de Rabina, entón os que non podían ou non querían pagar vían a película dende fora.

Despois de 43 anos, o 14 de xullo de 1969 o Ideal Cinema Zarate, botaba o peche coa proxección da película "Solo contra el Hampa" protagonizada por Danny Kaye.


*"Lo que el viento se llevó" foi un grandísimo éxito de público e taquilla"*



#### FONTES:

- DOG Num 50. Luns 13 de marzo de 2017.
- Máiz Vázquez, B. Amada García e os seus arredores. Edicións Embora.
- Veciños e veciñas de Mugardos.

Francisca Pérez



#### IDEAL CINEMA MUGARDOS

SABADO, DOMINGO Y LUNES

en horas de costumbre

La más interesante película del ídolo JORGE NEGRETE, en su suprema creación.

DINAMICA  
EMOCIONANTE  
FOLKLORICA

#### AY JALISCO NO TE RAJES

¡No es una película más!

¡Puede clasificarse como la mejor entre las de su género!

¡Ofrece rudos contrastes de emotividad y humorismo!

Encargue a tiempo su localidad numerada.

Imp. u Librería CERVANTES - Ferrol



## Eduardo Sánchez Fraga

por Xoan Rubia

O que vos vou contar podería soar a un conto, a esa narración breve na que se relata unha historia de ficción ou a ese comentario que non se axusta á realidade. Pero non, non se trata dun conto, trátase da pura e dura realidade acontecida nun tempo que semella moi lonxano malia que no contexto histórico está relativamente próximo, pero, mirade, vola vou contar coma se dun conto se tratara.

---

*Pola súa bonhomía foi coñecido coma “o médico dos pobres”*

---

Había unha vez en Mugardos un médico de 27 anos que nacera en Betanzos no ano 1909. Os avós maternos e o seu pai eran mugardeses e cando rematou a carreira decidiu exercer aquí onde acudía cando neno a pasar algúna tempada. Ao pouco de chegar a súa bonhomía foi recoñecida por todos pero se acaso más polo extracto social dos menos favorecidos aos que trataba, polo xeral, desinte-resadamente. Axiña foi coñecido coma “o médico dos probes”.

Mugardos no ano 1936 tiña algo máis de 7.000 habitantes, máis dos que ten na actualidade, poboación que comprendía traballadores do mar, empregados na que entón chamaban “Constructora”, algunha familia que vivía do campo, algúns menos do comercio e un par de pequenos armadores que empregaban xente nos seus

barcos. A poboación politicamente estaba dividida neses dous grupos antagónicos que chegaron ata os nosos días: as dereitas e as esquerdas, aquelas imbuídas nun fondo contexto relixioso, cunha militancia case radical da que despois agromaría o que se dou en chamar nacional catolicismo, e estas divididas entre socialistas, comunistas e mesmo anarquistas pois non sei se sabedes que en Mugardos había naquel tempo unha agrupación anarquista chamada “Naturaleza Consciente” que se fundara en 1934.

Un ano antes o médico Sánchez Fraga fora testemuño na voda dun amigo seu chamado Juan Prieto Balsa que sería nomeado alcalde cando nas eleccións trunfa a Fron-te Popular. Este home estivera en Cuba e cando chegou a Mugardos afiliouse ao Partido Comunista. A veciñábanse tempos convulsos

con consecuencias trágicas.

O 18 de xullo de 1936 resulta unha data esperanzadora para aqueles que crían que Deus, Patria e Rei era o triunvirato que salvaría a España de todas as súas calamidades. Ese mesmo día uns homes colleron un bote e foron ao medio da ría co gallo de falar sen ser ouvidos sobre que facer e a quen neutralizar se trunfabía o golpe de estado. O ca-

so foi que foron eles os detidos e xa que logo neutralizados por orde do alcalde que recibira notificación do goberno Civil para que constituíra un comité de defensa e intentara frear calquera alternativa de axuda ao golpe. Nese comité de defensa estaba o seu amigo, o médico Eduardo Sánchez Fraga e mesmo tamén Amada García da que xa coñecedes a súa historia.



Buque "Plus Ultra", trasatlántico requisado para convertilo en prisión.

Os detidos, pertencentes á dereita más significada da vila estaban retidos nos baixos do concello e quen sabe o que escoitarían dicir nas conversas que mantíñan no andar de arriba os membros do comité cando alguén preguntaba que facer con eles. Non fixeron nada porque catro días despois un desta-camento do rexemento de artillería destacado en Santa Cata-lina de Montefaro, liberou indemnes aos detidos incursos nesa medida cautelar. Mugardos quedou convertido en territorio "nacional" e desatouse a vinganza máis despiadada. Sánchez Fraga pasou de ser o médico dos probes, a estar no punto de mira dos sublevados. Foi acusado de ser espia ru-

so, de ter unha emisora na súa casa (a da súa avó) desde a que trasmittía información a Moscova, de ter baixo custodia carga explosiva para dinamitar a ponte de O Baño (Esteiro) co gallo de evitar que as pezas de artilllería de Montefaro chegaran a Mugardos, de ter desencadeado a guerra fraticida do pobo (sic) e de pertencer ao Partido Comunista, acusación esta que era moi socorrida á hora de pretender levar a alguén por diante. Se reparades un pouco nestas acusacións axiña veredes que non se sosteñen polo absurdas e descabeladas. Pero chegaban para sacar a calquera do medio.

- *Acusáronno de ser espía ruso e de ter desencadeado a loita fraticida do pobo (sic)*



Eduardo Sánchez Fraga  
aos 23 ou 24 anos (recén rematada  
a Carreira)

- *Foi unha das primeiras víctimas da represión en Mugardos nun tempo tráxico que carreou trágicas consecuencias*
- *Eduardo Sánchez Fraga e fusilado o 18 de agosto xunto a outro compaño, Xosé Tenreiro, no cemiterio de Mugardos*

A Sánchez Fraga o deteñen en base a esas insensatas acusacións e extendeuse tamén pola vila que na súa detención chegou a influir os falsos testemuños dun colega que cheo de envexa vía nel unha competencia insalvable. O caso é que Eduardo Sánchez Fraga é detido e trasladado ao buque Plus Ultra, un trasatlántico que fora requisado polos sublevados e convertido en cárcere flotante no medio da ría. Alí o teñen varios días ata que o 18 de agosto o desembarcan xunto a outro compaño, Xosé Tenreiro natural de Pontedeume, que fora secretario do concello. Os recolle no peirao de Mugardos unha camioneta que os traslada ao cemiterio cando ainda non despuntara o día e alí, de costas a unha tapia, son fusilados. Ao que fora alcalde, o seu amigo, Juan Prieto o deteñen preto da estación de ferrocarril de Pontedeume o 23 de xullo e o "pasean" o día 24 na ribeira do río Eume na circunscripción de Ombre. O alcalde primeiro e Sánchez Fraga e José Tenreiro despois, foron as primeiras victimas dun total de 90 que se

produciron en Mugardos logo da asonada militar.

Eduardo Sánchez Fraga non tivo xuízo e xa que logo ocasión de desmontar as calumniosas acusacións que verteron sobre el, pero no caso de telo o resultado sería o mesmo pois aqueles xuízos eran unha pantomima deseñada para tinguir de legalidade uns asasinatos en toda regla. Era o terror implantado e institucionalizado.

Coma se dun conto se tratara podería rematar con aquilo de: colorin, colorado... pero non, meus amigos: aínda que isto poidese soar a ciencia ficción, a pura e sinistra inventiva, non foi un conto macabro, non. Aconteceu realmente hai 81 anos, moitos para a vida do ser humano, pero ben poucos para a medida do tempo da historia. As guerras fraticidas teñen estas trágicas consecuencias na retagarda onde non hai trincheras e si moito odio e fanatismo. Honra para Eduardo Sánchez Fraga e para todos aqueles que caeron coma el víctimas da sinrazón!




*Peirao de Mugardos no primeiro tercio do século XX*

# 1811. O “TIGRE”, FALUCHO CORSARIO MUGARDÉS

por Bernardo Máiz

Bernardo Máiz



...

*Mariñeiro da Marola,  
de Illas Cíes e do Orzán,  
non seredes mariñeiro  
si temedes hoxe ó mar;  
unha forca en cada verga,  
na cintura un bon puñal,  
no temón un brazo forte  
i a bogar, bogar, bogar ...*


...

(“En corso”, Manuel Curros Enriquez, 1898)

*“Os galegos temos moitos e senlleiros corsarios entre  
os nosos devanceiros”*

Saint Malo, Nantes, Ostende, Dunkerque, Baiona de Iparralde, Ondarribia, Palma, Ibiza, Alicante ... gábanse de que nos séculos XVI, XVII, XVIII, foron portos corsarios e de que o seu crecemento económico moito debe ás mercadorías e inversíons derivadas desa activi-

dade. Hai nesas vilas rúas e prazas que levan os nomes de armadores e capitáns corsarios, placas que os lembran, estatuas súas ... Non sucede tal aquí, mais, os galegos temos moitos e senlleiros corsarios entre os nosos devanceiros.



Ría de Ferrol, 1776

- *Un pirata é un ladrón apátrida, un corsario é un civil que con autorización do seu goberno, ataca buques enemigos cando hai guerra entre estados.*

## Os corsarios non eran piratas

Pirata e corsario son oficios diferentes, áinda que partillan elementos comúns: o lugar de traballo (mar), as ferramentas (barcos), á técnica (asalto a man armada) e, seguramente, mentalidades e outros aspectos que entran na competencia dos narradores, cousa que eu non son e ben quixera. E, si, como os piratas, algúns corsarios tiñan un parche nun ollo e unha pata de pau. Un pirata (tamén eses tan simpáticos da serie cinematográfica "Piratas do Caribe") non é máis que un ladrón apátrida que anda roubando polo mar, é un cruel depredador na percura de botín exclusivamente no seu propio beneficio. Un corsario é un civil que, seguindo unha estrita regulamentación e con autorización do seu goberno, fai unha guerra de guerrillas contra buques enemigos cando hai guerra

declarada entre estados. Estratexicamente, o corso ten un carácter complementario á guerra de escuadras.

Os corsarios eran, pois, forzas paramilitares que refugaban case sempre do combate con unidades navais más potentes, dedicándose a capturar, o máis intactos posible para non minguar o seu valor, buques de estados enemigos do propio, "presas" que conducían a porto amigo onde, unha vez separada a parte que correspondía ao goberno, obtiñan beneficios coa venda dos produtos que transportaban eses barcos capturados, o seu armamento e, ás veces, a propria nave. O labor principal dos corsarios era perxudicar o comercio enimigo e traer a terra mercadorías que arrebataban a navíos dos adversarios, favorecendo dese xeito o comercio propio.

## *Os corsarios non eran piratas*

### Barcos do corso e inversores

Un buque corsario é unha unidade de producción que precisa un armador/inversor, unha fianza e avalistas para conseguir unha patente de corso e artillar un barco. Eses armadores eran ás veces o propio capitán ou un navieiro, mais, en Galiza, comezando en 1779 e máis intensa-

mente entre 1796 e 1818, banqueiros, comerciantes, rendeiros, eclesiásticos (todos "*mercaderes sen barcos*"), sós ou en sociedade, diversificaron a súa actividade inversora, pois vían o corso como unha moi importante fonte de ingresos.

### Regulamentos do corso

As actividades corsarias estaban moi regulamentadas polo estado mediante as denominadas Ordenanzas. Hai Ordenanzas dos reis de Galiza, León e Castela no século


XIII, no XV, no XVI. As de Felipe IV no 1621 rexeron cen anos e despois outras, moi precisas, do 1718, 1739, 1779, 1794 e 1801, en vigor cando botaron o "Tigre", buque cor-

sario de Mugardos.

Esas Ordenanzas precisaban moi polo miúdo a fianza monetaria que o armador debía depositar ou os avais que debía presentar, contra quen podía actuar e onde, a provisión de armamentos, a declaración dos buques capturados como “buena presa” (lexítima) ou “mala presa”, que parte do botín correspondían á facenda pública, ao armador, aos tripulantes, as indemnizaciones e sancións se a captura era

declarada “mala presa”, etcétera, Para desenvolver legalmente a súa actividade o corsario precisaba unha “patente de corso”, un documento no que o rei daba autorización para atacar embarcacións e mesmo territorios inimigos a un barco, un armador ou un capitán, durante só unha campaña, un período máis longo ou mentres houbera guerra. Quen non tivera patente legal era considerado un pirata.

*“Quen non tiña patente de corso legal, era considerado un pirata”*



Mugardos, 1849, Pérez Villaamil

### Mugardos mariñeiros no século XVIII

A transformación demográfica, económica, e social de Ferrolterra veu da elección en 1726 das ribeiras d'A Graña para un arsenal do Rei. Ese cambio foi especialmente grande de 1750 en diante, cando Ferrol xa era capital do Departamento Marítimo do Norte e iniciaran as obras para a construcción dun gran estaleiro, un Arsenal e unha cidade uns atractivos que aportaban a esta terra modernidade e cosmopolitismo: instálabanse técnicos españois, franceses e ingleses, achegábanse mestres ve-

leiros e de forxa, canteiros do sur de Galiza e carpinteiros de ribeira vascos, arribaban a cotío embarcacións de cabotaxe e navíos que transportaban persoas e mercadorías varias (madeira, liño, carbón, ferro, viño, coiros, cereais, ...), fondeaban buques da Armada Real e mercantes de portos cantábricos, andaluces, levantinos, das colonias americanas, outros daneses, suecos, rusos, norteamericanos, holandeses..., convertendo Ferrol no porto galego con maior tráfico naval.

- A “patente de corso” era una autorización do rei para que os corsarios atacaran embarcacións e mesmo territorios inimigos.

- No século XVIII, Ferrol era o porto galego con maior tráfico naval.

- *Os faluchos foron introducidos en Galiza polos “fomentadores” levantinos na segunda metade do século XVIII.*

Esa fluencia e alza demográfica afectaba, loxicamente, a toda a ría e nomeadamente á vila de Mugardos: en 1750 Mugardos tiña 140 veciños cabezas de familia, que en 1790 eran 400, entre eles unha destacada proporción de orixe catalán, valenciano, baleárico e, mesmo, do reino de Nápoles, establecidos algúns como salazoneiros, exportadores de sardiña salgada e importadores comerciais, representantes de inversores mediterráneos ou “fomentadores” do propio, todos introdutores de métodos produtivos capitalistas. Porén, os mais eran patróns e pescadores que introduciron novos aparellos e barcos (falicho) mediterráneos.

Uns foron marchando de Mugardos, outras familias se extinguiron, mais hoxe perduran na vila apelidos levantinos, algúns transformados: Badía, Bujóns, Carreras, Carreró, Domenech, Fábregas, Ferrer, Gelpi, Isern, Mille, Moré, Ortoll, Plana, Roldós, Troche, Vidal... Varios deles, con algúns podentes nativos


(Barrera, Camiño, Carril, Cartelle, Do Val, Galego, Lago, Leite, Mariño, Pazo, Plana, Prieto, Toimil ...), conformaban unha elite local ás veces confrontada, grupo que en 1802 iniciou un preito contra os frades do Mosteiro de Santa Catarina de Montefaro por mor de gañar a súa independencia, liberdade municipal conseguida ao fin o 1º de abril de 1805, pasando Mugardos ser vila de regengo, ou sexa, só dependente da coroa. Naqueles intres o concello de Mugardos ocupaba só a vila e parroquia de San Xiao, un territorio de apenas tres quilómetros cadrados.

Un deses burgueses orixinarios de Levante foi Joseph Vadell, armador de barcos de pesca, máximo exportador mugardés de sardiña salgada en 1801, 1802, 1803, 1804, ..., comerciante de viños e sal asociado en Ferrol con Antonio Cortiñas e na Coruña con Pedro Vera, propietario de fincas en Mugardos, Ferrol e Coruña, construtor en 1811 dun falucho para o corso contra franceses.

### Os faluchos

Coas súas características mediterráneas os faluchos foron introducidos en Galiza polos “fomentadores” levantinos na segunda metade do século XVIII, inicialmente para a pesca con xábea e despois con palangres e outras artes, precisando Sáñez Reguart no 1793 que como falucho “...en algunos parajes de Galicia denotan el barco, que comunmente en Levante desde tiempo inmemorial se entiende por llaut o llaud”.

As medidas desta embarcación os-



Falucho 1891

cilaban entre os 10-12 metros de eslora, 3-4 metros de manga, 1'50-2 metros de puntal en proa, pao de 8-9 metros, case ao medio e deitado cara a proa, verga de 13-14 metros, temón, destacando a súa “*inmensa vela latina*”. Unha inscrición de 1916 na antiga Comandancia de

Mariña de Ferrol recolle un falucho de 11 metros de eslora, 3'25 metros de manga, 1'50 de puntal que podería ser o *Uracha*, ata o ano 1933 no transporte de pasaxeiros entre Mugardos e Ferrol, seguramente o último falucho mugardés.

### A francesada en Galicia, 1809

A guerra contra os franceses napoleónicos comezou en Madrid en maio do 1808, nos días inmediatos en moitos outros lugares de España, mais non en Galiza, pola sinxela razón de que neste país non había tropas francesas, que chegaron ata o 1 de xaneiro do 1809, entrando por Pedrafita e O Padornelo perseguinto un exército inglés en retirada, que deu embarcado en Coruña e Vigo. Capitulou Coruña diante do mariscal Soult o 19 de xaneiro, o 21

os franceses chegaron ás portas de Ferrol, e, para completar o cerco, o día 25 entraba en Mugardos unha potente columna militar francesa, rendéndose Ferrol o día 26. Ese exército de ocupación, acosado polos guerrilleiros galegos, abandonou Ferrolterra o vinte e un de xuño e Galiza o día trinta. Derrotados, duraron seis meses en Galiza, mais a guerra seguiu ata 1814 noutro lugares da Península e no mar.

- *Os faluchos oscilaban entre os 10-12 metros de eslora, 3-4 metros de manga, 1'50-2 metros de puntal en proa, pao de 8-9 metros, case ao medio e deitado cara a proa, verga de 13-14 metros, temón, destacando a súa “inmensa vela latina”*

*“Algunhas embarcacións corsarias fixeron guerra náutica contra barcos franceses”*

### A flota sutil con Díaz Porlier no Cantábrico (1810-1812)

A “flota sutil” ou lixeira era a formada por unidades menores: lanchas canoneiras, bombardas, brulotes, místicos, faluchos, pataches, trinca-dos....

En 1810-1812 o brigadier Juan Díaz Porlier armou en Galiza semellante flota con algunha embarcación da Armada Real e unhas cen embarcacións de pesca, cabotaxe, corso que actuaban de Fisterra cara a Norte e Leste, ata Ondarribia. Esa flota cor-

saria, dirixida por Díaz Porlier a bordo da fragata británica “Aretusa”, participou nalgún combate naval no Cantábrico e na toma de Santander aos franceses en agosto do 1811 e no desembarco de tropas en Tazones (Asturias) en decembro do 1811. Asemade, algunhas embarcacións corsarias fixeron guerra náutica contra barcos franceses.

- *O falucho corsario “El Tigre” foi construído no porto de Mugardos en 1811.*

- *O armador Joseph Vadell contrutor de “El Tigre”, foi alcalde de Mugardos en 1813.*

## O falucho corsario “Tigre” e un final

O 27 de maio do ano 1811, diante do *Escribano principal de Marina en este Departamento (Ferrol) y testigos pareció presente D. Joseph Vadell vecino y del comercio dela Vila y Puerto de Mugardos e dijo: Que con motivo de estar construyendo de su cuenta en dicha Villa y Puerto de Mugardos el falucho corsario nombrado El Tigre de 50 toneladas para armar en guerra contra el enemigo y usurpador francés de la Corona española, concurrió en los veinte y cinco días de abril último con instancia solicitando que para dicho armamento se le facilitase de estos arsenales con arreglo a la Real Ordenanza de Corso los pertrechos y municiones comprendidas en la relación (...) y que avala su socio D. Antonio Cortiñas con las tarifas de la Ordenanza:*

*Tres cañones del calibre de a doce....*

*1620 reales*

*Cincuenta y cinco balas de idem .....*

*1072 reales*

*Tres carronadas del calibre de a diez.... 1883 reales*

*Ciento cincuenta balas de idem...*

*769 reales ...*

Concedida patente de corso e unha vez armado, O Tigre, con 20-25 tri-



*Lancha corsaria cazando.*

pulantes, participou no citado desembarco en Tazones e tomou canto menos unha presa, semella que pasando en 1812 ás faenas da pesca. Nada máis sei del.

O seu armador, Joseph Vadell, casado en Coruña con María Lois, foi alcalde constitucional de Mugardos en 1813.

Finalmente: o xeneral Juán Díaz Porlier dirixiu en setembro de 1815 un levantamento liberal en Coruña e Ferrol contra o absolutismo de Fernando VII; capturado por unha traizón, foi executado publicamente en Coruña o 23 de outubro dese ano.

### Fontes:

- Carneiro Rey, J.A./Rodríguez Vázquez, M.A.- *Historia de Mugardos*. Concello de Mugardos, 2001.
- González de Barthélémy, R.- *Juan Díaz Porlier*. Univ. de Santiago de Compostela, 1995.
- Máiz Vázquez, Bernardo.- *Chegaron a esta vila dous mil e catrocentos soldados franceses*. Cátedra, Pontedeume, 1994. *As embarcacións tradicionais do Arco Ártabro a Ribadeo*, Embora, 2009. *O Seixo, na Outra Banda da banda de Ferrol*, Embora, 2015. *Corsarios galegos, donos do mar* (en edición).
- Meijide Pardo, A.- *La penetración económica catalana en el puerto gallego de Mugardos (1760-1830)*. Revista d'Historia Moderna, nº 4, Universitat de Barcelona, 1984.
- Protocolos de Escribanía de la Real Armada, Archivo Naval de Ferrol, 1809-1815.

# Historias para contar: Fina “A Fabita”

Entrevista por Juan Fernández Ameneiro

O mundo está cheo de heroínas anónimas, moi poucas veces recoñecidas, e case sempre esquecidas pola sociedade. Xoséfina Bastida Roel, coñecida pola veciñanza como “Fina a fabita”, é desas persoas que a simple vista non parece ter nada especial, pero que logo de conversar con ela dáste conta de que ante ti tes unha muller loitadora, con carácter, chea de tenrura e que ante os moitos atrancos que lle puxo a vida no camiño, sempre saíu adiante con sacrificio, ilusión, e sobre todo con humor e vitalidade.

Cóntache a súa vida tal cal a viviu, con naturalidade, espontaneidade e franqueza. Fala como vive.

Estivemos con Fina na súa casa e isto foi o que nos contou:

*“Con apenas 8 anos xa facía de comer”*

Nacín en Rilo na parroquia de Meá, o día 13 de febreiro de 1939. Meus pais eran Manuel e Josefa, son a maior de 4 irmáns.

Durmíamos os 4 irmáns xuntos. Non había nin camas, nin roupa. tapabámonos cunha manta; si se tapaba un, destapábase outro.

Sempre vivín no mundo rural, non sabería vivir nunha vila ou nunha

cidade. Rilo, os Casás, O Coto, e dende hai máis de 50 anos aquí, na Areosa.

Traballei dende moi pequeniña. Con apenas 8 anos miña nai explícábame como facer a comida, e subida nun banco ao pé da cociña (non cheghaba á pota), facía lenteillas, fabada ou carne cocida; o caldo tardei un pouco máis en saber face-lo.



Juan Fernández Ameneiro





- Á nosella non había cativo que me gañara

- Matando porcos non gañaba moi-to, dábanme un anaco de carne e unha propina e ía para casa máis contenta que un cuco.

Con doce anos xa ía freghar ás casas, vivíamos con moita pobreza e tiñamos que traballar para poder comer. Meu pai estaba enfermo e non traballaba.

De nena, apenas tiña tempo para xoghar como calquera nena da miña idade, pero os poucos ratos en que podía facelo, xoghaba cos rapaces ás bolas, á villa ou á nosella. Á nosella non había cativo que me gañara. Aínda hoxe con preto de 79 anos sei bailala.

A miña nai non sabía ler nin escribir, pero preocupouse de que as

fillas si souberan, mandounos a D. Ricardo o coxo, nos Casás, para que aprendéramos a ler e escribir e facer as contas. Tamén nos mandou á costura para que aprendéramos a coser.

A xuventude, apenas puiden gozar dela, collín mozo moi pronto e casei moi nova. As nosas diversións non pasaban de ir alghunha vez ao cine (cando se podía), ás festas dos arredores ou ao baile do salón da Pedreira. Como non nos deixaban pasar porque éramos moi novas, bailábamos na estrada.



Casei con 19 anos e tiven un fillo. Meu marido andaba navegando en Canadá, ao bacallau, e tiven que sacar ao meu fillo e a casa adiante como puiden. Con apenas 24 anos quedei viúva (os recordos non lle deixan continuar e fai unha parada), non sei como saín adiante. Voltei a casar e tiven outros tres fillos. O meu segundo marido tivo un accidente e quedou incapacitado, e como había necesidade, traballei de costureira. Cosía para as casas, pero cando viñan buscar a roupa non pagaban; "xa virei por aquí", dicían; e aínda teño algúns

pufo daqueles tempos.

Como o oficio de costureira non daba para comer, púxenme a matar porcos polas casas. En cada casa había 2 ou 3 porcos e apenas había xente que seadicara a matalos, e foi o que me decidiu. Non se gañaba moi-to, pero dábanme un anaco de carne e unha propina e ía para casa máis contenta que un cuco.

Tamén traballei 14 anos matando para o exercito. Non necesitaba a ninghén para facer o meu traballo; poñía unha corda no bico do porco, tiraba del e co coitelo xa o mataba. Sempre me quedou o recordo dun

capitán do exercito, na Palma. Un día, preghuntoume por qué me adicara a matar porcos e como fóra o aprendizaxe.

*"Enseña más a necesidade que a universidade"*, foi a miña resposta. Noutra ocasión mateille un porco, e ao día seguinte, cando cheghei pola mañá para amañalo, díxome:

- Onte á noite falando coa miña muller dicíalle que a muller é pequena (dicíao por min) pero cando lle preghuntei, como podes facer ti sola este traballo?, díxome:

*"Pequenñas e ben feitas, así as que re o meu Pedro; nin pequenñas de todo, nin ghrandes que poñan medo. Porque mentras a ghrande se baixa, a pequena varre a casa".*

Fun agricultora, plantaba un pouco de todo para comer (patacas, trigo, millo, chicharos, repolos, allos, tomates).

Tamén fun ghandeira, (tiven catro vacas, porcos, galiñas, e coellos), e mariscadora.

A necesidade facía que fóramos mariscar áinda en tempos de veda, e cando viña a gharda civil, os lastres parecían unha estampida: centos de mulleres correndo co sacho e o caravel cara os montes de Noville.

Nunha ocasión que a gharda civil quixo identificarme, en vez de dícirle como me chamaba, canteilles:

*"Como se pasea la guardia civil por la carretera, así me paseo yo cuando veo a mi moreno"*.

Teño que recoñecer que a gharda civil era consciente da necesidade que había, e en moitas ocasións facía a vista gorda e deixaba que marcháramos.



A pesar das dificultades fun unha persoa moi feliz. Sempre recordo cando tiven o meu primeiro fillo, eu era unha nena e foi unha experiencia marabillosa. Tamén ghardo moi bo recordo do nacemento dos outros fillos, pero xa tiña máis idade e foron momentos distintos, ánda que non menos alegres. Pero a vida che da moitas alegrías,

e tamén gholpes moi duros. A morte do meu primeiro marido Toñito no Canada (andaba a pesca), foi terrible. Eu era unha nena, e superar eso foi moi difícil.

Non menos dolorosa foi a morte do meu segundo marido, Ignacio, pero os gholpes que che da a vida, non se levan ighual con 24 anos que con 65.



- *A señora Angustia estivo 2 anos sin cobrarme o pan, sempre a teño na memoria.*



Cando o meu marido, Ignacio, tivo o accidente, non cobraba. A señora Angustia da panadería dos Corzás, estivo 2 anos sin cobrarme o pan. Cando cheghaba con algo de cartos para paghارlle, botábame a caixas destempladas; vaite para casa, xa pagharás cando poidas, e non me cobraba. Pasado o tempo funlle paghando pouco a pouco. Sempre a ghardo na memoria, nunca esquecerei o ben que se portou conmigo cando máis o necesitei. Son unha persoa moi creyente. Non son de ir á ighrexia. Dios está en to-

dos os sitios; tanto me ve aquí, na miña casa, como na ighrexia. Teño un Corazón de Xesús na cabeceira da cama e rezo todas as noites. Cando remato de rezar, dígolle: “*Corazón de Xesús Divino non me vayas a joder, non me quites o humor nin as janás de comer, que o resto xa o busco eu*”.

Hoxe en día, a maior parte do día estou na bodegħa, “na granxa San Francisco”. Arranxo as ghaliñas, os coellos e a porca “Luisa”. Deste xeito transcorre a miña vida.




Cada vida é unha novela en si mesma, e ésta é unha das mil historias que Mugardos ten para contar.

# ECOS

por Pablo Rañales

Domingo pola tarde. O lapis, morto despois de tanta actividade, descansaba sobre os cadernos de matemáticas e inglés. Mirou pola fies tra e atopouse coa sensación de fastío e aburrimiento absoluto típica de mediados do verán. Non tiña ganas de ler, tampouco de seguir cos deberes. O silencio da súa casa era moi incómodo pero xa estaba acostumado a el, como se fose unha eterna lapa da que nunca podería desprenderse. Esmorecía dian te da televisión, farto dos debuxos e dos mesmos programas de sem-

pre. Non puido aturar máis a presión das paredes da súa casa. O neno baixou as escaleiras, saíu e puxo rumbo ao peirao. Pasou por diante do parque das Casas Baratas e mirou de esguello para tentar atopar a alguén e levantarse victorioso coa súa última folliña de esperanza. Non, alí non había nada. Todos os seus amigos, de vacacións. Só se escotaba as cadeas das randeeiras renxendo, movidas polo vento. Soidade. Soidade pese ó sol e o silencio.



*Peirao de Mugardos*

Chegou ao paseo e recorreuno de punta a punta, dende o aparcadoiro ata a praia. Sentouse no seu banco de sempre, onde tiña as vistas perfectas de todo o molle. Vía a xente ir e vir aos bares, recorrer o paseo tranquilamente, disfrutando da tranquilidade dunha aldea que se afogaba en medio doutro mar de silencios titánico, semellante ao do neno. Non podería dicir canto tempo estivo contemplando o seu entorno cunha curiosidade e ilusión ainda completamente intactas, pero

foi suficiente para ver *in situ* a novidade dentro da vila.

O tren turístico transitando polas rúas de Mugardos foi, practicamente, a reinvención do mesmo método de transporte. A xente contemplába entre alucinada e horrorizada, quizais polo sorprendente número de pasaxeiros que había nel. Non ía sempre cheo, pero tampouco totalmente vacío. E iso era algo bastante novidoso dentro da insoportable cotidianidade.

Durante os seguintes días, o neno

Pablo Rañales



- *O tren turístico transitando polas rúas de Mugardos era algo novidoso.*

continuou coa mesma rutina: facía os deberes, saía á rúa e volvía ao banco para ver como paseaban os turistas metidos no tren. Acabou denominando a esa estraña especie 'turistas-una-foto' porque botaban a foto e desviaban a súa atención a outro lado ou cara os menús, dispostos a xantar e marcharse canto antes da vila.

Pero a cousa non quedou aquí. O do tren turístico era moito más ca iso, mais só el parecía darse conta.

Non era que houbera moitos turistas cada día no tren, senón que estes turistas finxían ser outros. Cambiaban de posicións e roupas, incluso poñían perrucas e mudaban as barbas. E todo iso era moi, moi estranxo. Co paso dos días e da observación, tamén se decatou de que tomaban notas. De repente, en dife-

rente orde, sacaban das súas roupas unhas libretiñas todas idénticas entre si onde tomaban apuntamentos. E é máis, nunha ocasión seguiu ao tren e descubriu que poñían unha especie de transmisores ao longo da vila, agochados. Uns días despois, recollían os transmisores e xamais volvíán a colocálos no mesmo sitio.

Aquilo parecía lle de tollos. Estivo moito tempo sen saber que facer, se contarlo a alguén ou gardalo para si mesmo. O seu espíritu aventureiro susurráballe todas as noites nas que non facía nada máis que mirar que actuase. Debatía na soledade da súa habitación e centos de voces loitaban dentro da súa testa. Entón, cansado de aturar as discusións internas, decidiu actuar.



Tren turístico

Finxiu que paseaba e que ía casualmente polo mesmo percorrido co tren turístico. Os supostos turistas actuaban como tal cando el se atopaba diante, pero no momento en que o neno se quedaba rezagado a propósito continuaban coas súas tarefas. O tren foi ata a Bestarruza. Alí baixou un dos turistas para entrar nas ruinas das antigas fábricas. Colocou un dos cacharros e voltou ao tren para proseguir coa ruta prefixada.

O neno esperou ata ver como o tren pasaba de largo para entrar el tamén nos edificios ruinosos. Atoaría o transmisor e tentaría ave-

riguar que estaba pasando. Zafouse dos agarimos puntiagudos das ortigas e mirou ao seu redor. Non se vía nada entre tanta herba. No silencio do lugar, asasinado exclusivamente pola morte das olas na praia, escoitou algo máis. Uns extractos de conversacións inconexos, susurros entre as herbas, voces arrastradas polo vento. Rebuscou por todas partes, seguindo a procedencia do ruido, ata atopar o transmisor.

Era un obxecto metálico, cunha pantalla de cor laranxa na que se podía ler un texto continuo, que correspondía coas voces que saían

del. Dúas mulleres falaban entre sí e no fondo escoitábase o axetreo dunha xornada de traballo.

"Para que servirá isto?"

Prestou atención á conversa e decatouse de que tamén mencionaban a Mugardos. Varias veces, de feito. Decidiu levalo para a súa casa e investigalo. Desandou todo o percorrido, subiu as escaleiras con prisa e encerrouse na súa habitación. O transmisor xa non funcionaba. No mesmo intre en que o sacou da praia, deixara de repetir a conversa. O neno tiña a intuición de que a reproducía, pero tamén estaba para gravala. Necesitaba atopar algún máis.

As súas tarefas de espía continuaron ao longo da semana. Non só colocaban transmisores polo peirao, senón tamén por outros lugares emblemáticos. Atopou, así, algúns más no Pazo das Condesas ou no Cine Zárate, onde se reproducían máis conversas e momentos. Seguira ao tren turístico, branco e negro, ata a ponte do Esteiro. Atopou ao turista debaixo dela, tentan-

do colocar o 'xoguete' na pedra da antiga ponte. Cando o fixo, subiu de novo ao tren e marchou. Saiu do sitio onde estivera agochado todo o tempo e correu sen preocuparse por nada ata o transmisor. Na pantalla amarela aparecía xa non unha conversa, senón unha representación gráfica, en imaxes, dunha historia. Víanse rifles e escopetas, víanse persoas mirando para as bocas deses fusiles e escoitábanse os disparos que acababan coas súas vidas. A ponte tinguiuse de sangue, dun vermello que escorregaba por toda a superficie de pedra ata chegar ao río. Estaba tan ensimismado coa repetición en bucle das imaxes e dos sons que non pudo notar o movemento da herba ao seu carón. Só foi consciente do que estaba a pasar cando unha mano exerceu unha gran presión no seu ombro. O home deulle a volta e o neno mirou fixamente aos ollos dun dos turistas; uns ollos fríos, lonxe da realidade, do mundo, ollos grises e case sen vida.

Pablo Rañales

- *So foi consciente do que estaba a pasar cando unha man exerceu unha gran presión no seu ombro.*

### *"Diante de si mesmo apareceu un conxunto de cadrados repletos de inscripcións douradas"*

O home sacou un pano do seu peto e acercouno ás fosas nasais do neno, que tentou resistir pero acabou esmorecendo nos brazos do estranxeiro.

Ao recobrar a consciencia, estaba nunha sala que recordaba á dun hospital. Blanca, aséptica, sen máis mobles que unha enorme pantalla e a propia cadeira onde se atopaba. As súas mans pequenas, puras, sen as cicatrizes da historia e do traballo, foran apresadas por unhas correas. De novo, o silencio. Un silencio artificial, antinatural, un silencio absoluto. O silencio na súa máxima definición, pois era un silen-

cio vacío. Sen paxaros, sen ecos. Os seus propios movementos non desprendían ningún tipo de son. E todo iso, ese silencio infinito e inabarcable, deulle un medo indescriptible. Porque o ser humano non estaba preparado para enfrentarse a ese tipo de creacións, de aberracións. A noción do tempo perdeu todo o seu sentido e a cabeza do neno comezou a sentir as consecuencias do silencio. A súa respiración estaba dentro da súa mente, non no exterior.

Diante de si mesmo apareceu un conxunto de cadrados repletos de inscripcións douradas, como se

- *O espíritu da pantasma, do eco, formou unha boca, ou más ben un burato que deixou ver a súa vacuidade.*

estiveran feitas dunha area que non paraba de moverse dun lado ao outro. Era semellante a un código xenético, pero o neno escoitou máis conversas e viu más imaxes, igual cos transmisores. Todo o código estaba diante e abarcaba os trescentos sesenta grados da súa existencia. A sala enteira amosaba os cadrados místicos. A súa cadeira permitía dar voltas sobre si mesmo, e así fixo. Observou que só faltaba un anaco da enorme ringleira de cadrados distribuídos pola sala, que fora do branco aséptico ao negro máis profundo, quizais para resaltar e poder visualizar todos aqueles extractos de historia.

O neno captou un movemento. Abriu os ollos de par en par e observou á persoa que entraba por unha porta camuflada na habitación. En canto o viu, o corpo humano da muller que entrara caeu ao chan e del saíu un espíritu dourado, unha esencia de aire lumínica, un ser nunca antes visto e descrito. O neno seguiuno coa mirada. Formáranse unhas mans compostas por esa esencia amarela que refuxía dentro de si mesma. O ente achegou o transmisor ata a última parte, a que facía que o código estivera incompleto. Completou, así, toda a secuencia histórica.

Ante o neno pasou a unha velocidade pasmosa toda a historia da súa vila. Viu construcións romanas, viu o convento de Montefaro, viu o Castelo da Palma, viu sangue e viu franquismo, viu maquis e viu o cubículo dun executor do golpe de Estado. E cando acabou de velo todo, absolutamente todo, o neno choraba. Choraba porque comprendera que era o ser, o ente ou o monstruo que agora estaba diante da cadeira, agarrando a súa cara e chorando con el.

Tiña uns ollos preciosos, resplan-

decentes e moi diferentes ao gris inhumano, frío e distante do home que o raptou e que permitiu, á súa vez, que coñecera ás pantasmas da historia, ecos do pasado que reconstruíran a súa existencia pouco a pouco, entes ultraxados e olvidados co paso do tempo.

O espíritu da pantasma, do eco, formou unha boca, ou más ben un burato que deixou ver a súa vacuidade. Do burato saíu un claro e sonoro *perdón que destrozou ao insoportable silencio*.

Entón, o espíritu achegouse ao código histórico, a toda a historia de Mugardos, e comezou a devorala mentres choraba. As súas lágrimas caeron no chan e a sala enteira ía iluminándose a cada gota derramada. O espíritu engulía cada vez máis rápido e o código facíase más e más pequeno. O neno mirouse as mans e comprendeu que nin tería más presente nin más futuro. Sen pasado, estaba destinado á morte.

El e todo o demás, todos os demás.

As súas mans convertíanse lentamente en esencias dixitais douradas, en fragmentos cadrados que ascendían ata o teito da sala. Estaba a desaparecer. A morrer.

Pensou por que o farían. Por vinganza? Por compasión? Había odio neses ecos que caeran no olvido? Neses entes que buscaban as súas voces, as súas vidas ancladas na realidade e no presente, para dirlles a vida que fora arrebatada polos mortais?

O neno nunca contestou esa pregunta.

O único que fixo foi sorrir ao eco. E o eco sorriulle tamén, mentres choraba e devoraba ansiosamente a súa historia e a súa mesma vida.

A historia de todos.

A vida de todos.

# EXPERIENCIA COMO AUXILIAR DE CONVERSA EN FRANCIA

por Raquel Cartelle García

Raquel Cartelle



No ano 2012, tras finalizar os estudos na universidade, solicitei a axuda de Auxiliares de conversa no estranxeiro, ofertada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e tiven a magnífica oportunidade de participar neste programa durante 6 meses en Langon, unha pequena cidade localizada no sur de Francia, nun *lycée* e dous *collèges*.

## *“O sistema educativo francés é centralizado”*

No ano 2012, tras finalizar os estudos na universidade, solicitei a axuda de Auxiliares de conversa no estranxeiro, ofertada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e tiven a magnífica oportunidade de participar neste programa durante 6 meses en Langon, unha pequena cidade localizada no sur de Francia, nun *lycée* e dous *collèges*.

O sistema educativo francés é centralizado, xa que o Estado desenvolve un papel fundamental á hora de concretar detalles do currículo e dos contidos, seleccionar persoal docente... entre outras funcións. As autoridades locais tamén posúen competencias que garanten a construcción de escolas, o mantemento dos edificios, entre outras. A estrutura do sistema educativo francés presenta diferenzas respecto a española. Comeza coa etapa de educación infantil, que abrangue dende

os 3 aos 6 anos, e segue coa ensinanza primeira, que se corresponde parcialmente coa educación primaria, pero esta remata aos 11 anos. Con 12 anos, os alumnos comenzañ a estudar nos *collèges*, e conclúen cando teñen 15 anos. No último curso (*troisième*, equivalente a terceiro da ESO), deben pasar un exame, denominado *brevet*, no que se avalían diversas competencias para obter un diploma. Aínda que non é necesario aprobarlo para pasar á seguinte etapa educativa, é obligatorio presentarse. Tras finalizar estes estudos, os alumnos poden optar por seguir a súa formación nos institutos de ensinanzas xerais ou tecnolóxicas, ou nos institutos profesionais. Os institutos xerais están formados por tres cursos (*seconde, première e terminale*), que equivalerían a cuarto da ESO, primeiro e segundo de bacharelato. Cando rematan o bacharelato, deben presentarse ao *Baccalaureat*,

- *Na ensinanza francesa non tódalas horas son lectivas: Estudan, fan deberes, deporte, obradoiros, etc.*

un exame equivalente á selectividade pero, a diferenza desta última, é necesario aprobarlo para obter o título de bacharelato. Os institutos profesionais preparan ao alumnado durante dous cursos

para a obtención do Certificado de Aptitude profesional (CAP), o Brevet de estudos profesionais (BEP) e o título de bacharelato profesional, que os habilitan para desempeñar un oficio.




*Entrada do Lycée Jean Moulin*

Unha das principais diferencias entre a rutina dos estudiantes españoles e franceses radica no horario, que mesmo varía dependendo do centro. As clases comezan aproximadamente ás 8.15 e rematan ás 17.10. Hai un recreo de 10.07 a 10.22, e despois ás 12.20 a maioría van á cantina a comer, e retoman as clases ás 14.00. Fan unha pausa de 14.58 a 15.10. Cabe subliñar que non tódalas horas son lectivas. Algunhas están adicadas a estudar, facer deberes ou outro tipo de actividades coma a práctica de deportes, a participación en obradoiros de diversa índole, etc. Os mércores só hai clase pola mañá. Cando os estudiantes se decataban de que os horarios en España eran totalmente distintos, non podían evitar exclamar: «menuda sorte que teñen en España!». Pero algúns deles mostrábanse dubitativos cando se dabán conta de

que en España só había vacacións en Nadal, Semana Santa e verán. Polo contrario, alí existen varios períodos de 15 días de descanso (máis ou menos cada oito semanas de clase): a Toussaint (Tódolos Santos), o Nadal, as vacacións de inverno (en febreiro), de primavera (en maio) e, por último, as de verán (en xullo).

A ensinanza do castelán céntrase especialmente en diversos aspectos culturais dos países hispanofalantes. No bacharelato, estes coñecementos están divididos en catro bloques: mitos e heroes, lugares e formas de poder, espazos e intercambios e a idea de progreso, profundizando na literatura, historia, arte... das culturas hispanas. En xeral, os estudiantado posuía un nivel moi bo desta lingua e amplos coñecementos relativos aos ámbitos xa mencionados.



Biblioteca do Collège Jules Ferry

Unha das cousas que me sorprendeu cando cheguei alí foi o trato entre o profesorado e o alumnado. Os estudiantes deben dirixirse aos profesores utilizando o pronome de cortesía «vostede», ou chamándolle «madame/monsieur (señora, señor)» e o apellido, nunca polo seu nome. Ademais, cando os profesores entran na aula para dar comezo á clase, os estudiantes érguense, e esperan a que se lles indique que deben sentarse. Cando lles comentei que podían atuarme e chamarme polo meu nome, sorprendíanse, e mesmo lles resultaba violento. Un día, un rapaz preguntooume: «Se en España os alumnos atúan aos profes, tamén comen e beben na clase?» Considerábanlo, en xeral, unha falta de respeito, e asociábanlo a unha excesiva permisividade e a ausencia de normas de comportamento básicas na aula, polo que lles explicaba que, en España, non é frecuente o tratamento de vostede, que simplemente era unha diferenza cultural entre ambos países. De feito, que o alumnado non atúe ao profesorado non implica que exista unha

relación fría ou distante entre eles, todo o contrario.

Porén, hai unha serie de cuestións que se poderían mellorar. En primeiro lugar, a ratio de alumnos por aula era bastante elevada. A maior parte dos casos superaba os 20 alumnos (excepto nalgúns clases dos *collèges*). Ao meu parecer, estas cifras dificultan a implementación de metodoloxías alternativas á tradicional. Ademais, os docentes non poden atender as necesidades específicas do alumnado debido ás restricións temporais. Os grupos de conversa estaban formados por 6 ou 10 alumnos, dependendo da clase, polo que resultaba moi doado que todos os estudiantes participasen e practicasen a lingua, pero só asistían unha vez ao mes ás clases.

Outro aspecto que me chamou a atención foi a ausencia das novas tecnoloxías nunha gran parte das aulas. Moitas non contaban dun ordenador e dun proxeitor, recursos hoxe en día vitais no proceso de ensino-aprendizaxe. Nalgúns ocasións, resultaba moi difícil tratar determinados temas, como

- *Cando os profesores/as entran en clase, os estudiantes érguense, e agardan a que se lles indique que poden sentarse.*

- *Chamoume a atención a ausencia das novas tecnoloxías, nunha gran parte das aulas.*

- *Moitas non tiñan ordenador e un proxector.*

a Guerra Civil española, sen dispor dun medio que permitise amosar vídeos ou imaxes que servisen como apoio visual tanto aos docentes coma aos alumnos. Non obstan-

te, o *lycée* contaba cunha aula multimedia que dispoña de cabinas con gravadoras, e dous ordenadores e proxectores.



*Lycée Jean Moulin*

En conclusión, a experiencia como auxiliar de conversa foi moi enriquecedora, e aprendín moito grazas á axuda dos profesores e dos alumnos. O trato recibido foi excelente, e sentinme acollida nos tres centros nos que estiven. Recomendaría a tódalas persoas que estean interesadas na docencia ou en descubrir un sistema educativo diferente que solicitasen esta axuda.



# AS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE OLEIROS E A PROMOCIÓN DA LECTURA

por M<sup>a</sup> Luz Corral Uzal

M<sup>a</sup>Luz Corral



Oleiros é un concello cunha poboación duns 35.505 habitantes que conta con sete bibliotecas públicas municipais: a Biblioteca Central, sita en Perillo e seis bibliotecas auxiliares localizadas en Santa Cruz, Oleiros, Mera, Dorneda, Nós e Lorbé. Creáronse para facilitar a todos os cidadáns o acceso á cultura en condicións de igualdade e coa intención de poñer á disposición dos veciños e veciñas de Oleiros un bo servizo bibliotecario. A Biblioteca Central está localizada nun dos núcleos urbanos de maior poboación e mellor comunicado cos demais e nas outras zonas estableceronse bibliotecas auxiliares, para que todos os habitantes puidesen estar atendidos nas súas propias parroquias, xa que moitos deles (como é o caso dos nenos, nenas e adolescentes) non poden trasladarse facilmente dun lugar a outro.

*“Desde as nosas bibliotecas preténdese facilitar o acceso á información, á formación e ao coñecemento a todas as persoas”*

En total, posúen 436 postos de lectura en sala, uns fondos de 151.584 libros, 9.973 audiovisuais, 3.839 discos de música, prensa e revistas, 36 ordenadores con acceso a Internet de uso público e gratuito e en todas hai Wi-Fi.

Desde as nosas bibliotecas preténdese facilitar o acceso á información, á formación e ao coñecemento a todas as persoas e difundir os fondos bibliográficos (literarios, científicos, audiovisuais, musicais...) para que todos os habitantes poidan utilizarlos. Son bibliotecas útiles para a sociedade á que se

dirixen, abertas e participativas nas que os usuarios e usuarias colaboran activamente, así como puntos de encontro para a cultura pero tamén para o lecer. Entre algúns dos servizos que ofrecemos pódense destacar: lectura e consulta en sala, préstamo a domicilio de fondos bibliográficos (libros, DVD, discos, revistas...), préstamos colectivos a centros de ensino, información bibliográfica e de referencia, prensa e revistas, actividades de promoción da lectura e de extensión cultural, publicacións de guías de lectura, etc.

- Premio Irmandade do Libro anos 2009, 2012 e 2017, na modalidade “Fomento da Lectura”.

- No ano 2009 na modalidade “Institucións”.

MªLuz Corral



Biblioteca Central Rialeda.  
Perillo



Biblioteca e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz



Biblioteca Mª José Trincado.  
Mera.

Na sociedade actual é totalmente necesario que as bibliotecas traballen na promoción da lectura, na integración da poboación inmigrante e de persoas desfavorecidas para colaborar na consecución dunha sociedade máis igualitaria, por isto nas bibliotecas municipais de Oleiros a promoción da lectura é un dos nosos elementos crave. A lectura é unha gran aventura que comeza na infancia e non acaba nunca, pero o hábito de ler non se improvisa, hai que ilo introducindo paulatinamente para que estea sempre presente nas nosas vidas. Non se nace lector ou lectora, se-

nón que se vai facendo un pouco a pouco. O neno ou nena vivirá intensamente as historias, contos, cancións e poesías que comprende, que lle causan emoción, asombro, risa e, sobre todo, pracer, polo tanto debemos estimular neles esa relación pracenteira coa palabra e coa lectura. Pensamos que as bibliotecas deben asociar a lectura con actividades agradables e queridas, proporcionar encontros positivos cos libros, as historias, a palabra literaria e as ilustracións, fomentando o interese polas palabras e as imaxes que os libros encerrán.



Para atraer a toda a poboación planifícanse actividades dirixidas a todos os sectores, realizando programas específicos con nenos/as (a partir dun ano de idade), adolescentes, mozos/as e adultos/as e intétanse presentar o libro na súa diversidade. Desexamos que gocen coa lectura, fomentar o gusto e o pracer por ler, que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bons momentos, ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos. As actividades realizadas desenvólvense den-

tro dun marco activo e participativo, no que se procura implicar a toda a comunidade. Para isto contamos coa colaboración do profesorado dos centros de ensino público deste municipio e coa implicación das familias. Con este traballo, queremos acadar uns obxectivos que non son outros que fomentar o gusto e o pracer pola lectura, promover o libro e axudar a descubrir a diversidade dos libros. Nas bibliotecas municipais de Oleiros organízanse programacións anuais estables. Unhas dirixidas ao



*Tertulias*

público en xeral: visitas guiadas, boletíns de novedades, encontros con escritoras/es, conmemoración de datas significativas (o Entroido, Día da Poesía, Día da Muller, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día da Biblioteca o Nadal...) exposicións bibliográficas, guías de lectura e recomendacións bibliográficas; e outras específicas para as distintas idades. Para o público infantil podemos destacar: os bebe-contos, a hora do conto (levada a cabo en todas as bibliotecas de forma continuada desde o ano 1997), narracións de contos e contacontos, conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, talleres de ilustración, de cómic, de arte, de creación dun libro, de maxia, etc. Para adolescentes podemos citar: Ler para saber que son charlas e talleres de divulgación científica, talleres de cómic, monólogos literarios, etc. Algunhas das dirixidas a mozos/as e adultos/as son: Talleres de lectura e tertulias literarias (organizados ininterrompidamente desde o ano 1998), conferencias, monólogos, narracións e dramatizacións literarias, recitais de poesía, etc. Tamén se planifican outras destinadas exclusivamente ao alumnado dos

centros de ensino público deste municipio. Prográmanse contando coa inestimable colaboración do profesorado, para conseguir que pais, nais, nenos, nenas, adolescentes e mozos/as utilicen as bibliotecas, participen nas actividades, lean e leven libros en préstamo. Todos os anos visitan as bibliotecas municipais e participan nalgúnha das nosas actividades a totalidade do alumnado destes centros desde 3 a 16 anos. Algunhas destas son: Campaña de promoción da lectura realizada ininterrompidamente desde o ano 1991, talleres de introdución á ilustración e ao cómic, encontros con escritoras/es, contacontos, monólogos literarios, talleres e recitais de poesías, iniciación ao mundo da música no audiovisual, espectáculos poéticos musicais, rutas culturais. A través das novas tecnoloxías pretendemos chegar a máis usuarios e usuarias polo que creamos un blog <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com> no que damos información de todas as actividades que imos realizando, exposicións, novedades, avisos, etc. Tamén temos a páxina Web <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas> onde figuran todos os datos das bibliote-

*MªLuz Corral*



*Biblioteca Mª José Russo.  
Dorneda*



*Biblioteca Manuel María.  
Oleiros*



*Biblioteca Ángel Fole.  
Nós*



*Biblioteca Xograr Mendiño.  
Lorbé*

- *Premio María Moliner, categoría “Animación a la Lectura”, ano 2011.*
- *Premio no concurso “Abril mes dos libros”, concedido pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, anos 2007 e 2008,*
- *“Buenas Prácticas” en el Congreso Nacional de Bibliotecas Públicas, ano 2014 Badxoz, pola actividade “Leer para saber”.*

cas, horarios, servizos, catálogo, préstamos, reservas, renovacións, actividades, etc. E, por suposto, tamén nos poden seguir en twitter a través de [twitter@bibboleiros](#). O uso destes medios permiten a chegarnos mellor aos adolescentes e á mocidade para que participen activamente coas bibliotecas.

Colaboramos coa radio municipal *Radiolleiros* (dial 101.5) nun programa semanal, que se emite todos os venres ás 12 horas, un espazo denominado *Todo está nos libros* no que se recomendán un libro infantil ou xuvenil e outro para adultos/as e infórmase das actividades que se van a realizar.

Desexamos unhas biblioteca dinámicas, polo que estas actividades se planifican e programan dentro

dun marco activo e participativo, queremos que visiten as bibliotecas, que sexan como un punto de encontro, que as utilicen para levar libros, DVD ou CD en préstamo, para ler a prensa e revistas, buscar esa información ou consulta que necesitan, ampliar os seus coñecementos sobre determinada temática e especialmente como un lugar atractivo e lúdico onde poden pasar momentos agradables.

A lectura é ese conto ou novela que te apaixona e non te deixa parar ata que acabas de lelo, esa poesía que te emociona, esa obra que che está ofrecendo a información que necesitas ou que che está aportando numerosos coñecementos sobre ese tema que che interesa.



Obradoiro Comic Rialeda

O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros traballa a prol da difusión do libro e a promoción da lectura, para formar novos e mellores lectores e lectoras que contribúan a crear unha sociedade más culta e solidaria.

# É Mugardos un destino turístico?

Colaboración

Se falamos de Mugardos, ule a mar. A auga salgada, a ría, a paseo, a praia. Pero se por algo se pode situar a esta vila no mapa é polo súa afamada receita do “polbo á mugardesa”, que atrae cada ano a centos de visitantes. Ou sexa, que temos un pobo costeiro que ten asociado ao seu propio nome un dos produtos gastronómicos más enxebres de Galicia. E por riba cunha receita diferente que conta con cebolas e pementos; mínimo vir probar.

*“Mugardos ten asociado ao seu nome un dos produtos gastronómicos más enxebres de Galicia: O polbo á mugardesa”*

Mugardos, pese a ser un dos concellos máis pequenos en extensión de Galicia, ten recursos patrimoniais e naturais destacados. No concello está situado o Castelo da Palma, fonte de historias e lendas dende o século XVIII. Conta con arquitectura indiaña, que reflicte a influencia dos retornados na vila. Ten espazos naturais aproveitados para facer turismo activo e desenvolve actividades deportivas que van dende a bici ao remo, pasando polo sendeirismo ou o trail. E, dende vai pouco, pode exhibir a musealización dunha vila romana que, pese a estar descontextualizada do seu lugar orixinal, conserva no Museo do Caldoval os restos

arqueolóxicos deste asentamento. Parece que todos os ingredientes son os propicios para dicir, polo menos, que Mugardos ben se merece unha visita. E velaquí temos que destacar dous conceptos: non é o mesmo un turista que un visitante. O primeiro fai noite e o segundo marcha no día. O limitado número de prazas hoteleiras na vila fai que o principal cliente sexa o que pensa en Mugardos para unha soa xornada.

A xente que se despraza do seu lugar habitual a outro para coñecer algo ten sempre, de forma implícita ou explícita, unha motivación para facelo. E, cada vez máis, esa motivación vai ligada a unha

Colaboración



- *No concello está situado o Castelo da Palma, fonte de historias e lendas dende o século XVIII.*

- *Mugardos presume dun paseo marítimo que aglutina a maior parte de establecementos hostaleiros.*
- *Pode exhibir a musealización dunha vila romana que, pese a estar descontextualizada do seu lugar orixinal, conserva no Museo do Caldoval os restos arqueolóxicos deste asentamento.*

experiencia, é dicir, un “paquete” de sensacions onde a clave reside en ter vivencias irrepetibles que crean recordos memorables. Para conseguir isto os destinos turísticos andan na procura do seu elemento diferenciador; dese factor que os fai singulares e únicos. Desa chave que abre a porta ao interese do visitante.

E Mugardos conta co mellor titular posible: o “polbo á Mugardesa”. Baséase en dous piarezas: un producto que aparece na ría de Ferrol e un xeito de preparalo que xorde a

través dunha necesidade propia deste territorio. Isto significa que Mugardos conta co elemento diferencial dun destino gastronómico: un caso único. Poder presumir dunha receita exclusiva co nome da vila onde se prepara ten como resultado unha estratexia de marketing que moitos destinos quixeran poder utilizar. Un sello de calidade e un nome propio que, por si sós, son unha manobra de promoción e de reclamo en si mesma.



*Peirao de Mugardos*

Pero é que ademais, arredor desta icona, presume dun paseo marítimo que aglutina a maior parte de establecementos hostaleiros e dunha festa propia para exaltar o producto cada segunda fin de semana de xullo que atrae a ducias de visitantes tanto ese día como noutras xornadas. Visitantes que viñen da bisbarra e incluso de toda Galicia atraídos por unha receita diferente que xera no seu imaxina-

rio a idea de que van a gozar na vila dunha experiencia única e diferente onde participan varios sentidos: o gusto, o olfacto ou a vista. Agora ben, igual que detrás dun titular ten que haber unha nova, detrás dun reclamo deste tipo debe existir un contido. Un contido, neste caso, non é máis que un producto turístico; é dicir, un paquete de “cousas” tanto materiais como inmateriais que poidan satisfacer un



Polbo á Muíngida

desexo ou unha necesidade do cliente. No caso de Mugardos este produto, claramente gastronómico, vai ligado a unha serie de servizos necesarios para que todas as necesidades do visitante queden cubertas. Debería basearse, en primeiro lugar, en produto local de alta calidade, polo que é imprescindible que a hostalería ofreza unha restauración de alto nivel tanto no articulo gastronómico coma no servizo. Esta é a base sobre a que se deben asentar o resto de actuacions para conseguir a fidelización do cliente e lograr un “boca a orella” positivo (por cada comentario negativo fan falla 5 favorables para crear a imaxe de destino na mente do receptor).

Non se pode obviar que a toma de contacto entre o visitante e a vila vai ser esa experiencia a través da gastronomía, polo que o éxito desta tarefa vai ser unha estreita colaboración entre o sector hostaleiro e hoteleiro con todos todas as entidades necesarias para crear este producto: dende os mariscadores, os pescadores, os mercados ata cada un dos restaurantes do municipio.

Pero é que ademais, a actividade que se ofrece non se pode limitar só a comer. Os establecementos de restauración deben crear unha atmosfera que aínda que sexa en cada un diferenciada, ten que ter un fío común, un sentimento condutor para que o visitante identifique o que está a vivir con Mugardos, e sexa así como o recorde e o transmita. E non está demais que no resto de actividades que desenvolvan na vila, dentro da oferta patrimonial e de natureza, haxa algún tipo de actuación relacionada co producto: degustacións, ver en vivo actuacidades dos mariscadores, obradoiros de cociña... en definitiva, experiencias que fixen imaxe e crean recordo.

Entón, conta ou non conta Mugardos con todos os ingredientes para ser un destino turístico de interese? Obviamente si. O pobo pode presumir de formar parte dese pequeno reduto de destinos que non teñen porque inventar nada, nin crear novas fórmulas de captación de usuarios.

Agora ben, o camiño aínda está a medio andar. A escaseza de prazas hoteleiras dificulta que pasen a


## Colaboración

- *O pobo pode presumir de formar parte dese pequeno reduto de destinos que non teñen porque inventar nada, nin crear novas fórmulas de captación de usuarios.*

- *Mugardos ten unha boa estrutura en marcha; hai recurso, hai deporte, hai cultura, hai establecementos hostaleiros e hai servizos turísticos.*

noite na vila, e polo tanto a duración das visitas. E a hostalaría, a pesares de ter un bo número de establecementos que poden acooller a un significativo número de visitantes, limitáse a dar de comer. Non está mal, pois este é o punto de partida para crear o produto anteriormente definido, mais a día de hoxe non está conformado como tal. Falta unha estratexia global entre os hostaleiros na que se dean conta de que son a base do turismo nesta vila, son o piar que determina que os visitantes recomendén Mugardos e consigan que volvan. E a partir de aí, desa

conciencia de equipo, deberían poñer en marcha estratexias conxuntas que melloren a experiencia global enlazando a gastronomía co resto de recursos. Falta entender que a calidade debe primar por riba de todo, e comprender que chove ou vente por un bo prato o visitante vai vir e vai a tomar esa receita da que teñen a certeza de que cubrirá as súas expectativas. E deben lembrar que son un equipo, e que se gaña un gañan todos. Unha vez teñan isto claro o éxito estará asegurado.



*Centro de Interpretación do Xacemento Arqueológico de Cadoval*

Mugardos ten unha boa estrutura en marcha; hai recurso, hai deporte, hai cultura, hai establecementos hostaleiros e hai servizos turísticos. Só falta, entón, seguir mellorando e traballando en equipo con conciencia de que todo o sector é necesario e fundamental para conseguir que, detrás do bo titular que Mugardos leva como bandeira polo mundo adiante, haxa unha boa historia que contar, e, sobre todo, un bo polbo que comer.

# Libros

**Amada García e os seus arredores.** Bernardo Maiz. Edicións Embora.

Amada é o fío condutor deste estudo, figura simbólica dun pobo que viu coutadas as súas esperanzas cando tomaba ao fin o protagonismo histórico. Preséntanos o autor unha Amada García histórica, fidedigna, contextualizada, lonxe da ficción, extraendo da documentación escrita, "do rastro que deixou", só o que acredita como verdadeiro, que non é o mais épico nin o más tenro nin o más tramático, aspectos estes case sempre esaxerados e inexactos. A historia real supera á ficción.

**Nos vemos en Ítaca.** M<sup>a</sup> Isabel Espiñeira Castelos. Ed. Calígrama.

Amanda se queda a la vez sin novio y sin trabajo y decide ir a un pueblo perdido en busca de la herencia de su tía Irene, de la que sabe muy poco. Unas cartas antiguas le mostrarán quien fue de verdad su tía a la vez que cambiarán su propia vida de manera inesperada. Es el primer libro de una trilogía junto a "Un ancla en Ítaca" y cuya tercera parte está a punto de publicarse.

**Anatomía da lingua (Lingua de amar, lingua de amor).** Antón Cortizas. Edicións AS-PG



É un poemario nacido da sede e da fame de normalidade da lingua do noso país, que o autor emprega co máximo amor co que é quen de emitir sons dende o fundo da vida. Uns poemas que talvez el non quixese ter que escribir, se a lingua que o apertou e aloumiñou dende a adolescencia non fose minorizada, esquecida ou mesmo desprezada por unha boa parte da poboación que naceu ou mora no territorio onde este idioma se inventou. Un poemario de preocupación, mais tamén de esperanza, agardando que, quizabes a lingua renaza nas bocas cando o cerebro que as fai funcionar se decate de que nada hai tan fermoso como amarse a si mesmo con dignidade para poder amar o mundo con xustiza.

**O Latexo da vida e da conciencia.** Memorias colectivas de Rafael Pillado - I . Ed. Fuco Buxán.

Trátase da primeira parte do libro de memorias de R. Pillado, que o mesmo cualifica de "colectivas", tendo en conta o compromiso desenvolvido para enfrentarse e acabar coa ditadura de Franco, recuperando a Democracia.

Pero trátase tamén dun percorrido histórico, en que o protagonismo do movemento obreiro ocupa o centro do escenario político, social e cultural, como fundamental oposición.

Libros



**O Latexo da vida e da conciencia**  
Memorias colectivas de Rafael Pillado - I





**Así pudo ser  
a nosa  
biblioteca de  
Apelón**

# *Por unha nova BIBLIOTECA Pública en Mugardos*



**ASOCIACIÓN CULTURAL  
APELÓN EDUCACIÓN**



**Rede do  
Patrimonio  
Cultural**  
Entidade Asociada



<https://www.facebook.com/apeloneducacion>



apeloneducacion@gmail.com



@ApelonEducacion